

Programación
Didáctica
de
Novas Músicas

Curso 2007 – 8

CMUS DE OURENSE

Novas Músicas

Introducción

A asignatura opcional de novas de Novas Músicas rematará iste ano a sua presenza no currículo despois da derradeira estruturación das ensinanzas musicais nos Conservatorios profesionais de música, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A misión desta asignatura é estudar parcelas importantes da música que non tiveron oportunidade de ser estudias a fondo nos cursos precedentes, como son as músicas contemporáneas, folclóricas galegas, españolas e universais, e jazz.

O estar implantada no último ano do grao profesional, os alumnos teñen unha ampla formación musical que lles permite afondar con rapidez e eficacia nos distintos e variados contidos que se van estudando o longo do curso, posto que a construción de unha hora semanal e a amplitude da materia precisa axilidade na comprensión e desenvolvemento da mesma.

Inclúense dentro dos bloques de contidos os seguintes campos de coñecementos:

- Estudo das técnicas de composición contemporáneas, da música popular galega, das distintas comunidades españolas e dos distintos folklores, así coma do jazz.
- Práctica da análise de partituras de cada un dos campos estudados tratando de descubrir os esquemas formais, melódicos, harmónicos e técnicos cos que foron compostas.
- Habilidade a hora de cantar as liñas melódicas principais e de tocar ó piano os acompañamentos oportunos.
- escoitar grabacións das distintas músicas analizadas, tratando de percibir a través da escoita tódolos elementos estudados.
- Comprender a importancia do coñecemento destas músicas, tanto dende o punto de vista da formación dun profesional da música como para os seus estudos no grao superior.

Obxectivos

O ensino da asignatura Novas Músicas no grao medio terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Recoñece-la estrutura harmónica e o fraseo das obras estudadas, despois de analízalas detidamente e de tocálas no seu instrumento ou ó piano.

b) Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos das músicas contemporáneas, así como das distintas músicas folklóricas e do jazz.

c) Improvisar acompañamentos ás melodías folklóricas estudadas se o instrumento do alumno é polifónico, ou ten a habilidade pianística suficiente.

d) Coñece-la disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.

e) Demostros reflexos necesarios para resolver as posibles eventualidades que podan xurdir na análise e interpretación.

Contidos

Música contemporánea.-Estudo das distintas grafías contemporáneas, aisladamente e en obras concretas. Estudio das peculiaridades propias das distintas músicas contemporáneas estudadas nas obras propostas en clase. Audición das mesmas.

Música popular e folklore galego.- Estudio nos distintos cancioneros dos distintos tipos de música popular galega; alalás, foliadas, muiñeiras, pandeiradas, jota galega, etc. análise das mesmas, interpretación con acompañamento ó piano.

Música popular e folklore das distintas comunidades españolas.- Estudio nos distintos cancioneros dos distintos tipos de música popular española, incluíndo o folklore andaluz, etc. análise das mesmas, interpretación con acompañamento ó piano.

Música popular e folklore universal.- Estudio a través de diversas partituras de distintas obras do folklore universal: música balcánica, africano ou iberoamericana, entre outras. Análise das mesmas, interpretación con acompañamento ó piano.

Jazz. Estudio da historia do jazz e das súas diversas correntes, así como das partituras máis representativas de cada unha delas, e realización ó piano.

Criterios de avaliación

1. Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna das distintas partituras estudadas- Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para utilizar a análise como medio para achar a estrutura harmónica subxacente nun fragmento de música e determinar os diferentes tratamentos a que a mesma foi sometida polo compositor para a realización da obra.

2. Realización práctica de estruturas contemporáneas, populares ou jazzísticas, a partir dos elementos estudados e aprendidos nas partituras estudadas.

3. Realización práctica a través do canto e do acompañamento ó piano das distintas obras estudiadas en clase.
4. Estudio teórico nos diversos manuais sobre a música contemporánea, os distintos folklores e o jazz.
5. Discriminación, a través das audicións, dos distintos elementos estudiados analiticamente na partitura,
6. Aplicación práctica nos propios instrumentos dos alumnos dos elementos estudiados, para cada tipo de música ou folklore.
7. Realización de pequenas jam-sessions en clase, se os alumnos acadan o nivel requerido, a partir dos esquemas harmonicos das partituras de jazz estudiadas.

Criterios de calificación

Análise: 25%.

Realización instrumental: 25%.

Teoría: 25%.

Escritura: 25%.

Bibliografía

Crivillé y Bargalló, J.: El folklore musical. Alianza música.

De Juan del Águila, J.: Las canciones del pueblo español. Unión Musical Española.

Villalba Freire, C.: Cancionero de Galicia. A. Carmona, editor.

Barraud, H.: Para comprender á música contemporánea. Laiomento.

Adalid, M.: Mélodies pour chant e piano. Fundación Barrié.

Varios: Real Book.

Varios. 100 éxitos de siempre. Ed. Musica del Sur.

Michels, U. Atlas de música. Alianza editorial.

Persichetti, V. Armonía del siglo XX. Real Musical.

Toch, E.: Elementos constitutivos de la música. Idea música.

Perle, G.: Composición serial y atonalidad. Idea musica.

Varios: Estructura rítmica de la música. Idea Books.

Herrera, E.: Teoría musical y armonía moderna. Antoni Bosch.

Lannes, M.: Les harmonies du Jazz. Josette Lyon.